



BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CREACIÓN DUNHA LISTA DE CONTRATACIÓN PARA A SUSTITUCIÓN TEMPORAL DE PERSOAL PARA A ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE BARBADAS.

1. CONVOCATORIA.

Teñen por obxecto as presentes bases regular o procedemento de selección para a creación dunha Bolsa de Traballo para a contratación do persoal laboral que sexa necesario para a substitución temporal de postos vacantes que se xeneren na Escola Infantil de Barbadás. O procedemento realizarase mediante o sistema de concurso de méritos.

2.-ÁMBITO TEMPORAL

A presente bolsa terá unha duración de dous anos ou ata en entrada en vigor da bolsa de emprego do Concello de Barbadás. De non entrar en vigor dita bolsa, do 1 ó 20 de xaneiro do ano 2020, abrirase un prazo para que os candidatos/as presentes na bolsa, poidan actualizar os seus méritos ou poidan solicitar a súa inclusión na bolsa, mediante a presentación dos documentos acreditativos dos mesmos ou novas incorporacións.

Trala valoración realizada polo tribunal, publicaranse os resultados coas novas puntuacións, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

3.- DURACIÓN DO CONTRATO.

Os contratos que se formalicen cos candidatos presentes na bolsa, terán a duración que precise a cobertura do posto transitoriamente vacante, por enfermidade, vacacións, permisos e licenzas, ou calquera outra circunstancia.

O/A seleccionado/a realizará as labores correspondentes ó seu posto de traballo no horario en xornada de mañá ou tarde, ou mañá e tarde, segundo o horario de funcionamento habitual do centro. Entre as súas funcións figuran as propias do posto de traballo vacante para a cobertura do cal se realiza a contratación temporal.

Deste xeito, a relación rexerese pola lexislación laboral e o contrato que se lles realizará as persoas seleccionadas redactarase o abeiro do RD 2720/1998 do 18 de decembro polo





CONCELLO DE BARBADÁS

que se desenvolve o artigo 15 do estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada.

Para afronta-lo presente gasto existe consignación orzamentaria suficiente no vixente Orzamento de gastos.

4.- RETRIBUCIÓNS.

Ao persoal temporal corresponderanlle as retribucións íntegras do posto de traballo para o que se contrata, de conformidade coa Relación de Postos de Traballo en vigor, ou o salario equivalente no caso de que dito posto non estivera contemplado na RPT, exceptuando complementos persoais e antigüidade.

5.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.

Os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos para participaren no concurso:

a) Nacionalidade.- Ter a nacionalidade española. Ademais, e consonte co establecido na Lei 17/1993, do 23 de decembro, poderán acceder os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, así como os estranxeiros que reúnan a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe- sempre que non estean separados de dereito- menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas. As mesmas regras aplicaranse, de ser o caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais realizados pola Comunidade Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Ademais das persoas sinaladas no parágrafo anterior, poderán acceder a ela os estranxeiros que se atopen residindo en España, de acordo co previsto no artigo 10.2 da vixente Lei orgánica de dereitos e liberdades dos estranxeiros en España.

b) Idade.- Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non excede-la idade máxima de xubilación forzosa.

c) Titulación: A requirida para cada categoría no Anexo I.

d) Capacidade funcional: Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

e) Habilitación: non ser separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para





CONCELLO DE BARBADÁS

empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmo termos, o acceso ó emprego público.

f) Deberá presentar o certificado negativo do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais, que depende do Ministerio de Xustiza.

6.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

Os interesados deberán presentar as solicitudes nos Rexistros Xerais do Concello ata as 14:00 horas do sétimo día hábil seguinte ao da publicación do correspondente anuncio nos Taboleiros de Anuncios, na Páxina Web do Concello e nun dos diarios de maior circulación da provincia, mediante instancia dirixida ó Sr. Alcalde, achegando a seguinte documentación:

- A titulación esixida para desempeñar o posto ao que se opta (aportará o orixinal ou a copia compulsada do título esixido)
- Fotocopia en vigor do D.N.I ou da tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns comunitarios.
- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidades Autónomas o Entidades Locais, nin de atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- Relación de méritos que alega, e documentos xustificativos dos mesmos en orixinal ou fotocopia compulsada.
- Certificación de traballos realizados ata a data en tarefas similares as do posto ofertado, para determinar a experiencia. Cómpre achegar Informe da Vida Laboral e copias dos contratos compulsados.
- Certificado negativo do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais, que depende do Ministerio de Xustiza.

7.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Logo de rematado o prazo de presentación de instancias a Concelleira delegada en materia de Persoal ditará unha resolución na que se aprobará a lista provisional de





CONCELLO DE BARBADÁS

aspirantes admitidos e excluídos, que será exposta no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Barbadás.

Os aspirantes excluídos e omitidos disporán dun prazo de 3 días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación desta resolución, para emendar o defecto que motivase a exclusión.

8.- MÉRITOS A VALORAR PARA A SELECCIÓN.

O baremo aplicado na valoración de méritos xerais será o seguinte:

I) Experiencia profesional.- Por ter desempeñado idéntico ou similar posto de traballo, ata un máximo de 5 puntos. A experiencia profesional acreditarase mediante un informe da vida laboral, acompañadas dos contratos correspondentes.

- Por cada mes de servizos prestados tanto nas administracións públicas, como no sector privado, 0,125 puntos por mes traballado ata un máximo de 5 puntos.

II) Formación especializada.- Pola realización de cursos ou xornadas **RELACIONADAS CO CONTIDO DO POSTO DE TRABALLO**, ata un máximo de 5 puntos.

a) Cursos de máis de 750 horas, 1.50 puntos por curso, ata un máximo de 5 puntos.

b) Cursos de 456 a 750 horas, 1 punto por curso, ata un máximo de 4 puntos.

c) Cursos de 100 a 455 horas, 0.75 puntos por curso, ata un máximo de 3 puntos.

d) Cursos de 50 a 99 horas, 0,25 puntos por curso, ata un máximo de 1,50 puntos.

e) Cursos de 10 a 49 horas, 0,15 puntos por curso, ata un máximo de 1,25 puntos.

f) Por cursos de menos de 10 horas, xornadas, diplomas, etc., 0,05 puntos, ata un máximo de 0,25 puntos

III) Por coñecemento acreditado do idioma galego a través de títulos CELGA, computarase unicamente o grao superior alegado:

. CELGA 1: 0,10

. CELGA 2: 0,20

. CELGA 3: 0,30

. CELGA 4: 0,40

.CELGA 5: 0,50

Para calquera titulación distinta das anteriores, estarase ao disposto na ORDE do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan





CONCELLO DE BARBADÁS

os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga).
DOG num. 34, 19 de febrero de 2014.

9.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

- a) O tribunal cualificador estará integrado por 5 membros titulares e 5 suplentes, que serán designados pola Concelleira delegada en materia de Persoal na Resolución pola que se se probe a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos.
- b) A composición dos tribunais axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e ao previsto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e na Lei de Emprego Público de Galicia 2/2015 de 29 de abril.
- c) O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, con voz e sen voto.
- d) Para a abstención e recusación dos membros do Tribunal aterase ao establecido no artigo 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público (BOE 236 de 2 de outubro de 2015).

10.- VALORACIÓN DE MÉRITOS, CUALIFICACIÓN FINAL E PROPOSTA DE SELECCIÓN.

Para o caso de empate na puntuación final, darase preferencia e pola seguinte orde:

- Puntuación pola orde das letras do baremo.
 - Persoas que teñan recoñecido o grado de minusvalía mínimo esixido
 - Solicitante de maior idade.
 - Pola letra vixente no resultado do sorteo que é establecido pola Comunidade Autónoma, a efectos de procesos selectivos e que na actualidade corresponde o “G”.
- Á vista da valoración de méritos, o tribunal fará públicas as puntuacións provisionais nos taboleiros de anuncios e na páxina web do Concello, desglosadas por cada apartado do baremo.

Contra esta valoración, provisional, os/as interesados/as poderán formular alegacións ante o tribunal no prazo de 3 días hábiles, contados a partir do seguinte á dita publicación.





CONCELLO DE BARBADÁS

Logo de resoltas as reclamacións, se as houbera, o tribunal proporá a publicación das listas definitivas por orde de puntuación, desglosadas por cada apartado do baremo para cada unha das categorías.

11.- FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO

Unha vez publicadas as listas definitivas por orde de puntuación para cada unha das categorías, e cando se deba proceder a unha contratación temporal, ofreceráselle o posto de traballo ao primeiro aspirante da listaxe, por teléfono, correo electrónico ou correo postal. Daráselle un prazo de 24 horas para que acepte ou renuncie ao posto ofertado no nº de fax : 988360401 ou no correo electrónico administracion@barbadas.es . En caso de que non exista resposta ao aviso, sobreenténdese que renuncia ao posto e poderá chamarse ao seguinte candidato da listaxe.

A duración desta Bolsa de Emprego terá duración de dous anos dende a súa publicación no taboleiro de Edictos, de conformidade co regulado no apartado segundo destas bases.

12.-SITUACIÓN NAS LISTAXES

Os integrantes das listaxes non perderán a orde de prelación que cada momento lles corresponda nestas, ata que se xere o dereito á prestación de desemprego, de tal maneira que se a contratación para a que son chamados ten unha duración inferior, retornarán ao posto que novamente lles corresponda na lista.

Unha vez rematada a contratación, o interesado pasará a ocupar o último lugar na listaxe durante catro meses, se xerou o dereito á prestación de desemprego. Finalizado o devandito período, volverán a **petición do interesado** ao lugar da listaxe que, de acordo coa súa puntuación, lle corresponda.

Os integrantes das listas que, sendo convocados para facer efectiva a contratación, no se presentaran ou renunciaran a esta, perderán os seus dereitos, quedando excluídos da lista por un ano, debendo solicitar de novo o interesado a súa inscrición, unha vez transcorrido o dito prazo.

A mesma consecuencia terá a renuncia á continuidade no desempeño dun posto de traballo, agás que fose para atender outro chamamento para unha vacante.

A renuncia a formar parte dunha lista, suporá que non terá efectos unha nova solicitude de admisión nesa lista, ata transcorrido o prazo dun ano desde a data da renuncia.





CONCELLO DE BARBADÁS

13.- CONSULTA DO ESTADO DAS LISTAS

O estado das listaxes poderase consultar na oficina de Secretaría do Concello de Barbadás.

14.- PERÍODO DE PROBA.

Para adquirir a condición de persoal laboral temporal, o/a aspirante seleccionado/a deberá superar satisfactoriamente un período de proba, de conformidade co establecido no artigo 14 do vixente R.D. Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores.

Tra-lo proceso de selección e á vista da proposta que formule o tribunal cualificador, o Alcalde, no exercicio das competencias que lle corresponden en materia de contratación de persoal, subscribirá cando as necesidades do servizo así o requiran, o correspondente contrato laboral co/a aspirante proposto/a polo tribunal, que pasará a ter a condición de persoal laboral de contratación temporal a cargo deste concello.

O acordo definitivo de contratación que adopte Alcaldía será publicado no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, para coñecemento de tódolos/as aspirantes.

Ata que se formalice o mesmo, o/a aspirante non terá dereito á percepción económica algunha.

Os/as candidatos/as seleccionados/as deberán, con carácter obrigatorio e previo a súa contratación, achegar informe médico de non padecer enfermidade nin defecto físico que lle incapacite para o exercicio das súas tarefas.

15.- INCIDENCIAS.

Os tribunais quedarán facultados para interpretar as bases da convocatoria e para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación. Ademais, poderán adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo

16.- DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Cando entre en vigor a Bolsa Xeral de Contratación do Concello de Barbadás que regule o acceso a contratación, adaptarase o trasvase da presente lista a un sistema único, quedando incluídos na categoría que lle corresponda.





CONCELLO DE BARBADÁS

17.-DISPOSICIÓN FINAL

As bases da convocatoria e os actos administrativos que deriven delas e adas actuacións do tribunal poderanse impugnar nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das AA.PP.

ANEXO I

Lista de requisitos de titulación por categoría profesional.





CONCELLO DE BARBADÁS

CATEGORIA PROFESIONAL TITULACIÓN

Cociñeiro/a:

Formación Profesional Grao Medio Técnico en Cociña e Gastronomía ou equivalente.

Técnico de Educación Infantil:

Formación Profesional Técnico Superior en Educación Infantil ou Diplomatura de Maxisterio, especialidade en Educación Infantil ou Educación Preescolar ou equivalentes.

Asistente Infantil:

Formación Profesional Grao Medio en Educación Infantil ou Xardín de Infancia ou equivalente.

ANEXO II Modelo de instancia





CONCELLO DE BARBADÁS

SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO PROCESO DE SELECCIÓN DAS LISTAS DE CONTRATACIÓN PARA A SUBSTITUCIÓN TEMPORAL DE PERSOAL PARA A ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE BARBADÁS

SOLICITANTE

Nome:

Apelidos:

DNI:

Domicilio:

Tfno.:

E-mail:

PRAZA QUE SOLICITA:

- Cociñeira/o
- Profesor/a titor/a
- Asistente Infantil

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGO

- Titulación esixida para desempeñar o posto ao que opto, en orixinal ou copia cotexada.
- Copia cotexada do DNI en vigor ou tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns comunitarios.
- Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo do Estado, Comunidades Autónomas ou Entidades Locais, nin de atoparme inhabilitado para o exercicio de función públicas.
- Relación de méritos que alego e documentos xustificativos dos mesmos, en orixinal ou copia cotexada.





CONCELLO DE BARBADÁS

- Certificación de traballos realizados ata a data en tarefas similares as do posto ofertado, para determinar a experiencia. Cómpre achegar Informe da Vida Laboral e copias dos contratos.

Barbadás, de de 2019

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE BARBADAS (OURENSE)

ANEXO III





CONCELLO DE BARBADÁS

Modelo de declaración xurada

_____, con DNI _____,
con domicilio en _____,

DECLARO BAIXO XURAMENTO:

Que non fun separado/a mediante expediente disciplinario, do servizo do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, nin estou inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, e non estou incurso/a en causa de incapacidade ou incompatibilidade.

E para que conste e aos efectos de inclusión na lista de contratación para a substitución temporal de persoal para a Escola Infantil Municipal de Barbadás, asino a presente declaración.

Barbadás, de _____ de 2018

